

RESUMO DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CELEBRADA O DÍA 24 DE MARZO DE 2004

O día 24 de marzo de 2004, ás 10.30 h. en segunda convocatoria, comeza a sesión extraordinaria do Claustro da Universidade da Coruña no Paraninfo do Rectorado, presidida polo Excmo. e Magnífico Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I** e con asistencia dos membros que figuran no **ANEXO II**.

Ao comezo da sesión o Sr. Reitor solicita a adhesión do Claustro ao comunicado institucional de condena da acción terrorista do 11 de marzo de 2004, tras a lectura deste pola Secretaria Xeral. O Claustro así o **acorda** por asentimento. O texto do comunicado institucional recóllese no **ANEXO III**.

ÚNICO.- INFORME DO CONTROL DE LEGALIDADE DO PROXECTO DE ESTATUTOS. DEBATE E ACORDOS

O Sr. Reitor informa que ata as 14.00 horas do día 17 de marzo de 2004 presentáronse no Rexistro Xeral da Coruña e do Campus de Ferrol tres propostas, avaladas polo menos por quince claustrais. A primeira, con data de entrada 17 de marzo e número de rexistro 3099, asinada por Fernando Avecilla Porto e outros, recóllese no **ANEXO IV**. A segunda, con data de entrada 17 de marzo e número de rexistro 3101, asinada por José Luis García-Pita y Lastres e outros, recóllese no **ANEXO V**. A terceira, con data de entrada 17 de marzo e número de rexistro 3102, asinada por María José Martínez López e outros, recóllese no **ANEXO VI**.

Segundo o decidido con anterioridade pola Mesa do Claustro, procédese á votación das propostas artigo por artigo.

Artigo 7.1

Presentouse unha soa proposta de modificación, asinada por María José Martínez López e outros. **Acórdase** por asentimento modificar o artigo 7.1 nos seguintes termos: “A Universidade da Coruña está constituída polos campus da Coruña e de Ferrol”. Apróbase por asentimento.

Artigo 26.4

Presentouse unha soa proposta de modificación, asinada por María José Martínez López e outros. **Acórdase** por asentimento modificar o artigo 26.4 nos seguintes termos: “Todas as sesións serán públicas, de acordo co que estableza o seu regulamento”.

Artigo 29

Presentouse unha soa proposta de modificación, asinada por María José Martínez López e outros. **Acórdase** por asentimento engadir ao artigo 29 un número 4

do seguinte teor: “4.- O Consello de Goberno aprobará o regulamento de funcionamento”.

Artigo 49.2

Presentouse unha soa proposta de modificación, asinada por María José Martínez López e outros. **Acórdase** por asentimento engadir ao artigo 49.2 a frase “de acordo co procedemento legalmente establecido”.

Disposicións Transitorias 3ª e 4ª

Presentáronse tres propostas de modificación. O Sr. Reitor concede quendas aos asinantes, para defender as propostas, pola orde de entrada no Rexistro Xeral.

Pola primeira proposta interveñen os Sres. Serna Bermúdez e AVECILLA PORTO. Pola segunda proposta interveñen os Sres. García-Pita y Lastres e Pedreira Andrade. Pola terceira proposta interveñen a Sra. López Fernández e o Sr. Abalde Alonso.

O Sr. Reitor anuncia a interrupción da sesión para deixar tempo aos proponentes para atopar unha solución transaccionada ás 11.40.

A sesión continúaase ás 12.30. Preséntase un texto transaccionado entre os grupos Campus-Int@ e Nova Luce. É o **ANEXO VII**.

O Sr. Reitor dá a palabra aos proponentes para que defendan a proposta transaccionada. Interveñen o Sr. Pedreira e a Sra. López. Ábrese un debate.

Presentada unha solicitude de votación secreta por 17 claustrais, ao amparo do artigo 11 das Normas para o funcionamento do actual Claustro, procédese a traer dúas urnas, así como papeletas con dúas opcións, sinalando o Sr. Reitor que a opción A é a defendida polo Sr. AVECILLA PORTO e outros, e a opción B é a transaccionada polos grupos Nova Luce e Campus-Int@.

O resultado da votación é o seguinte: a favor da opción A - 45 votos; a favor da opción B - 155 votos; en branco - 14 votos; abstencións - 19.

Apróbase por maioría substituír as Disposicións Transitorias 3ª e 4ª polo seguinte texto:

“Disposición Transitoria terceira. 1.- A Universidade da Coruña comprométese a crear as correspondentes prazas de contratados que poidan ser ocupadas polos profesores contratados a tempo completo e axudantes doutores que xa o eran no momento da entrada en vigor da LOU e que sigan contratados no momento da entrada en vigor dos presentes Estatutos, logo do correspondente concurso convocado para tal efecto polo Consello de Goberno e sempre que cumpran os requisitos legais esixidos. Nos citados concursos recoñecerase como mérito específico a actividade docente e investigadora desenvolvida na Universidade da Coruña.

2.- As devanditas prazas serán creadas do máximo nivel posible.

3.- Excepcionalmente, para as prazas de profesor contratado doutor non será de aplicación o disposto no artigo 84.1 dos presentes Estatutos.

4.- Os profesores contratados a tempo completo segundo a LRU que cumpran os requisitos legais esixidos poderán acollerse ao réxime de asociados a tempo parcial, garantíndoselles neste último caso o máximo posible de dedicación a tempo parcial previsto pola lei e a retribución proporcional correspondente. Unha vez contratados neste réxime, no caso de que con posterioridade cumpran os requisitos legalmente esixidos, seralles de aplicación o disposto no apartado 1 desta disposición.

Disposición Transitoria cuarta. A universidade arbitrará medidas que favorezan a continuidade no emprego dos seus profesores, en análogas condicións ás que lles viñan sendo de aplicación, tratando de manter a súa vinculación coa universidade”.

Non habendo máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 14.30 horas do día 24 de marzo de 2004.